

O troll Raúl

Curso 2013-14

5 años - B

O TROLL RAÚL

Érase unha vez un troll chamado
Raúl que veu dun **castelo**

encantado cheo bruxas para xogar.

Ten forma de **troll** pero en
realidade é unha bruxa encantada cunha
pócima máxica.

Nas súas seis **manos** ten cousas que
non lle gustan **nada**.

- Non lle gusta a **fruta** prefire
comer todo o día **chuches**,

doces, chocolate, ..., caramelos... por iso
ten os dentes con caries e

amarelos; ademáis tampouco lle gusta
cepillalos. Ten dous **dentes**

de **ouro**..... coma os nosos avós.

-Coma ten oito **orellas**....., entralle moito **ruido**..... e estráganselle os tímpanos por iso tampouco lle gusta a **música**.....e, sobre todo, odia a **guitarra**.....española.

Nunha orella leva un pendiente coma as **mamá's piratas**....., as princesas e, ata algún **cantante**.....

- Cos seus catro **ollos**..... de diferentes cores está moi atento a todo o que pasa o seu arredor.

- Tampouco lle gustamos **nós**....., os nenos e as nenas porque somos moi diferentes a él.

- Non lle gustan os **deportes**..... sobre todo o tenis.

- Os seus zapatos teñen coma

rodinhas..... semellan patíns.....
ou botas de fútbol e emprégaas para
destrozar todo o que atopa o seu paso:
flores , xoquetes... é un pouco
travieso !!!!!!!.

Na cabeza leva un sombrero
de vaqueiro pero tampouco lle gusta
nada, preferiría unha gorra coma
as nosas.

O único que nos fai ver que en
realidade é unha bruxa... é un
grano que ten na cara con pelos...

Sen embargo, despois de pasar uns
días aburrido, decidiu darlle
poderes máxicos ós nenos
para que xogaran con él: voar,
correr moito, dar boa sorte, construír
inventos máis rápidos, converter os nosos
soños en realidade....

Aí, nós fixemos unha lista do que nos gustaría que o troll Raül nos axudara a conseguir...

- A Alba gustaríalle que os arcos da vella fosen de máis cores.
- A Carlota gustaríalle conseguir ser árbitro de fútbol.
- A Xiana saber cocinar tortillas para axudar a mamá.
- Iria faría moitas festas en inglés con Brais (o seu irmán).
- A Nerea gustaríalle converterse en todo o que ela quixera, cando o necesitara.
- Leire quixería ser vampiresa-princesa.
- A Joanna gustaríalle nadar sen manguitos e sen flotador.
- A Lucas gustaríalle poder correr moito máis rápido.
- Anxo quere ser moi foorte.

- Merces quere poder cocinar sen queimarse!!!!.
- Ignacio desexa que tódolos nenos e nenas do mundo esten contentos e que non se mate os animais.
- Catalina desexa o mesmo que Nerea.
- Bilal quere ter moitos xoguetes.
- Rodrigo quere que todos sexamos bos e que nos fagan moitas cóxegas (que lle encantan).
- Asier quere unha vida feliz !!!!! e Alba engade: sen gritos.
- Lois queredería construír unha metralleta lanza-fuegos para mellorar o seu grupo de construción!!!!
- A Daniel gustaríalle xogar moi ben o fútbol e regalarlle a papá un helicóptero teledirixido para poder xogar xuntos.
- A Kevin gustaríalle poder construír os xoguetes que el quixera.
- Juan quere que o troll o leve a Polonia

(xa que el quere ir cando sexa maior).

- A Manuel gustaríalle voar !!!!!!!!!!!!!!!.
- A Adrián gustaríalle facer maxia boa!!.
- E Alex quere o mesmo que Nerea.
- E Paz desexa que os nenos e nenas da súa clase sexan sempre tan felices, alegres e cariñosos coma agora.

Un bico para todos e todas. 

E así foi coma o troll Raúl fixo boa maxia e converteu os nosos soños en realidade.

E así vemos nós o troll Raúl que xa é o noso amigo para sempre!!.



Fabian

